

Ponteareas, 14 de marzo 2020

## **A Policía Local vela polo cumprimento das normas da alerta sanitaria e pide evitar aglomeracións nos establecementos de alimentación**

**Os axentes obrigan a pechar varios comercios abertos indebidamente e pide aos supermercados que controlen o aforo para evitar aglomeracións**

A Policía Local de Ponteareas está velando polo cumprimento da alerta sanitaria decretada pola Xunta de Galicia e fai un chamamento á poboación para evitar a aglomeración de persoas nos establecementos de alimentación. Durante esta mañá constatouse que un grande número de persoas acudiron aos supermercados da localidade creando un risco para a saúde pública. A Policía Local lembra que estes establecementos están abertos pero a permanencia nos mesmos deber ser a estritamente necesaria evitándose aglomeracións e controlando que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida para evitar posíbeis contaxios. Os supermercados son espazos nos que o contacto masivo con elementos como carriños, produtos ou billetes e moedas incrementan as posibilidades de contaxio.

A Policía Local fai un chamamento a realizar as compras de forma escalonada durante os vindeiros días e recorda que o goberno xa anunciou que non haberá problemas de desabastecemento.

Por outra banda, os axentes víronse obrigados durante a mañá de hoxe a pechar varios establecementos abertos indebidamente e a pedir aos responsabeis dos supermercados que controlen o aforo dos seus establecementos evitando a aglomeración no seu interior, se é preciso co apoio da propia Policía Local.

Por outra banda, a Policía Local está recibindo chamadas de cidadáns ante a apertura ao público doutros establecementos que prestan servizos como perruquerías. Neste sentido lembran que o decreto da Xunta só afecta de momento ao comercio retalista e

ao catálogo de actividades recreativas (como bares, cafetarías, etc) e que servizos como perruquerías, entidades bancarias, despachos profesionais, etc... non están polo momento incluídos na orde de peche.

Por último a Policía Local apela ao sentido común e a seguir a consigna de non saír de casa agás en casos realmente imprescindibles.